

MADAME DE GENLIS

A escritora

Traducido por Isabel Soto



Vólvense os paxaros contra as escopetas

Existen dúas maneiras de dar bos consellos: unha delas, dicindo: «Facede coma min, pois foime ben»; a outra, pola contra, afirmando: «Non fagades coma min, pois recoñezo que cometín unha imprudencia». No primeiro caso, fálase con autoridade: rexe o bo xuízo; no segundo, trátase da humilde confesión de quen se doe, pero non por iso a lección devén menos útil, xa que tamén procede da experiencia.

Dorothée e Natalie, dúas irmás orfas dende a infancia, foran educadas xuntas nun convento de París. A benquerenza que se profesaban acrecentouse co decorrer dos anos e deulle encanto á súa primeira mocidade.

Dorothée, catro anos máis vella ca a irmá, casou primeiro. Tiña daquela vinte anos, e sen resolverse a deixar a Natalie levouna canda ela. Ao cabo de seis meses, Natalie casou cun vello militar, un parente do seu cuñado.

Ambas as irmás se imitaban nos atractivos e as calidades do corazón e mais do espírito, pero tal parecido non reinaba no seus caracteres. Á conspicuidade e a fortaleza moral, Dorothée engadía unha extrema prudencia, unión que decote dá orixe a condutas

perfectas. Ela posuía todos os atributos útiles que por forza lle outorga a circunspección a toda persoa espiritual; a nobreza dos seus sentimentos preservábaa de pusilánimes temores. Tan incapaz dunha vileza coma de calquera imprudencia, sabía tomar con coraxe, se cumpría, unha determinación arriscada; pero nunca, a non ser en proveito do deber ou do sentimento, se expuña ao menor perigo. Consonte o seu natural, a temeridade era grandeza, heroísmo, endexamais loucura. Adoitaba poñer o espírito ao servizo dos seus verdadeiros intereses, pois sabía que iso implicaba empregalo así mesmo a prol da dita dos que se ama; todos os dons da natureza lle resultaron útiles: a sensibilidade tornábaa fiel aos seus compromisos e pródiga nas súas actuacións; a perspicacia preservábaa das trampas da dobrez; a imaxinación concedíalle acume; aproveitaba todos os favores da fortuna e sabía extraer grandes beneficios da adversidade.

Porén, Natalie, malia dispor de bo xuízo e excelitude na alma, era moi inferior á súa irmá. Estaba dotada desa sensibilidade e flexibilidade de organización que favorecen a diversidade de talentos, mais que non carecen de inconvenientes no que atinxe ao carácter; unha extrema curiosidade e a facilidade para aprender facíana capaz de entregarse a estudos serios; unha apaixonada devoción polas artes levábaa a amar todas as diversións frívolas. A variedade das súas ocupacións concedíalle á súa conduta a aparencia e os resultados da inconstancia; fincouse en aprender tal gran número de cousas e en cultivar tantos talentos que endexamais

